

NORMATIVA DE CONSTITUCIÓN DE LISTAXES DE AGARDA PARA PROFESORES ASOCIADOS CON CONTRATOS DE DURACIÓN NON SUPERIORES A 6 MESES

Acordo do 17 de decembro de 2009 do Consello de Goberno da Universidade da Coruña polo que se aproba a constitución de listaxes de agarda para a contratación de profesores asociados por períodos non superiores a seis meses.

O artigo 53. d) da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades (BOE do 24/12/2001) establece que a duración dos contratos de profesor asociado será trimestral, semestral ou anual, e poderase renovar por períodos de igual duración

A estrutura dos actuais estudos universitarios fai necesaria con frecuencia a contratación de profesorado para atender necesidades docentes específicas (mestrados, estancias clínicas, etc.) por períodos non superiores a seis meses, sen que estes contratos sexan susceptibles de prórroga, por non existir continuidade con respecto á docencia a impartir no curso seguinte.

Coa finalidade de evitar a necesidade de convocar novos concursos cada curso académico para atender estas necesidades docentes, este Consello de Goberno acordou:

Primeiro.- Aprobar a constitución de listaxes de agarda para a contratación de profesores asociados para atender necesidades docentes por períodos iguais ou inferiores a seis meses cando os contratos non sexan susceptibles de prórroga por non existir continuidade na docencia.

Segundo.- Unha vez resolto un concurso para cubrir necesidades docentes das características indicadas constituirase unha listaxe de agarda cos candidatos propostos pola comisión para cubrir posibles renuncias ou atender futuras necesidades que se produzan.

Terceiro.- Finalizado o contrato, os concursantes retornarán ao posto que ocupaban na listaxe de agarda. No caso de que algún candidato renuncie perderá o seu dereito a permanecer na listaxe de agarda.

Cuarto.- As listaxes de agarda que se constitúan ao abeiro deste acordo terán unha vixencia de dous cursos académicos, agás que se esgoten as posibilidades de contratación a través das mesmas ou que os responsables da docencia propongan a convocatoria de novos concursos